

A evolución económica impulsada pola burguesía e os cambios nos procedementos de fabricación por parte dos artesáns propician unha lenta pero eficaz revolución técnica e científica da que forma parte o nacemento e popularización da imprenta para fabricar libros. Pero a imprenta non nace por xeración espontánea, nin é produto dunha idea illada dun señor en Maguncia. Nace como consecuencia dun proceso de séculos no que o ser humano trata de transmitir a cultura escrita por métodos menos lentos e caros que a copia paciente dos amanuenses. Xa vimos no noso paseo por Oriente que os chineses, desde tempos remotos, fabricaban letras e outros signos gráficos en arxila e madeira para estampar sobre a seda e o papel. Semella que eles foron tamén, seguindo eses procedementos, os inventores da xilografía, probablemente un século ou dous antes da nosa era, pero empregada profusamente a partir do s. VIII. Tempo despois pasou a Siria e Exipto, onde foi reinventada para empregarse na decoración de tecidos, e de aí saltou a Italia e Francia cara ao s. XIV coa xeneralización do uso do papel. En Europa a xilografía tivo un primeiro uso destinado principalmente á impresión de imaxes de santos, motivos e cadros relixiosos aos que se engadían algunhas pequenas frases ao xeito de pé de foto ou complemento explicativo.

- A xilografía é unha técnica de impresión inventada na China que consiste en, sobre unha prancha de madeira, gravar un alto relevo rebaixando as zonas que non impresión van quedar en branco. Deixan un volume o trazado de imaxes e outros relevos que deben xerar marcas no papel ou tecido. Unha vez manchada de tinta, gravada prancha aplícase directamente sobre a superficie do material plano no que se vai reproducir o alto relevo.

A finais do s. XV nacen en Alemaña os primeiros libros impresos coa técnica xilográfica. Son pequenos volumes en extensión, non en tamaño, de non máis de cincuenta páxi-


LAURA por PABLO

cidade para decidir que libros deben ou non ser editados, que polo xeral debeu ser o propio empresario editor. A tipografía empregada é a letra romana e a lingua o latín.

Á Roma imperial correspóndelle igualmente o título de ser a creadora das bibliotecas públicas de titularidade estatal. A elas tiña acceso calquera cidadán desexoso de ler un texto ou facer consultas. No ano 377 existían na cidade 28 bibliotecas abertas ao público e infinidade doutras máis pequenas repartidas por todos os territorios do Imperio. Xulio César foi o inspirador desta tarefa, aínda que el non tivo a posibilidade de vela cumprida. El mesmo foi un grande impulsor dese espírito, que prevalece, de considerar a posesión dos libros como un signo de prestixio e solvencia intelectual.

En Roma, as bibliotecas máis importantes foron as dúas creadas por Augusto, coñecidas como Octavina e Palatina. A fundada por Traxano, denominada Ulpia, foi considerada a maior de todas. No Imperio romano de Oriente, Constantino dotou a Gran Biblioteca dos Embaixadores tanto de obras profanas como relixiosas e mitolóxicas. Xa nos tempos do cristianismo, ás portas da desaparición do Imperio romano, abriu a biblioteca de Cesárea cun claro matiz de servizo á nova relixión implantada polos emperadores.

Os autores, que na Grecia clásica acadaran a importancia que o seu traballo intelectual merecía, en Roma teñen unha consideración social de gran prestixio. Ser autor dun libro, nunha conferencia, dun tratado científico ou filosófico, mesmo de cartas dignas de ser editadas, supón un valor social moi considerable. Emperadores, senadores, patricios, xefes dos exércitos, cónsules, oradores, profesionais de todo



Uxía por Antía

Seguindo o curso do tempo imos entrar agora na terra mítica do río Nilo. A exipcia é unha cultura rodeada de tantos misterios e lendas, e tan plástica ao mesmo tempo, que espera a curiosidade de todos nós. Sorprende que logo de tantos séculos de esquecemento estea tan viva hoxe na imaxinación da nosa civilización, seguramente como consecuencia das recreacións cinematográficas e dos milleiros de novelas escritas sobre o imperio dos faraóns desde o intento da invasión francesa de Napoleón en 1798 ata hoxe. Temos que ter en conta que o pobo exipcio construíu o seu mundo vivindo illado dos seus veciños principais polos desertos. As fronteiras naturais que os protexían tamén os mantívaa libres de contaminación doutros costumes e culturas. Pode que esa sexa a clave da súa singularidade primeira. Doreis, moitos coñecementos atribuídos aos exipcios circularon e foron utilizados por outras civilizacións e, mesmo eles, tomaron coñecementos útiles no seu tempo doutras comunidades.


Adoitamos dicir que os exipcios foron os primeiros en empregar a tinta para escribir e en utilizar o soporte dunha materia facilmente manexable como é o papiro. Pero se facemos honra á verdade, non hai dúbida de que foron os chineses os primeiros en usar a tinta sobre unha materia lixeira. Eles escribían e gravaban sobre seda os seus textos desde tem-

pos noticias. A ciencia fixa o nacemento da escritura no IV milenio a. C. Desta maneira tería unha existencia de seis ou sete mil anos, un tempo moi curto en relación coa existencia do ser humano organizado en comunidades de convivencia. O lóxico é que teña unha existencia máis ampla e máis diversa do que se lle supón, o que non quere dicir que xa levase aparelada a existencia do libro como recompilador da mesma.

Os SIGNOS FONÉTICOS son as representacións dos sons dunha lingua. As súas combinacións forman as palabras. O noso alfabeto actual é un conxunto de signos fonéticos.

Está aceptado que as primeiras escrituras foron grupos de imaxes que pouco a pouco, por simplificación, pasaron a formar conxuntos pictográficos. A eles deberon seguir os ideogramas e como fórmula máis práctica a representación final que aínda utilizamos nós, os signos fonéticos que simbolizan sons, xa sexan sílabas ou letras.

A pedra é o soporte máis antigo da escritura que chegou ata nós, pero non quere dicir que os primeiros que decidiron utilizar algún material para facer unha anotación ou deixar testemuño da súa existencia utilizasen a pedra como primeira materia. Parece máis lóxico que materiais como a madeira ou as peles usadas para vestir fosen as primeiras bases sobre as que os humanos escribiron ou pintaron. Mesmo algúns produtos manufacturados, como táboas de arxila, tecidos ou láminas de bronce, puideron ter esa función temporal, sen que os primeiros escribas albergasen ningún desexo de eternidade. Non é un despropósito pensar que aqueles que utilizaron as pedras para deixar símbolos e xeroglíficos xa tiñan unha conciencia clara de estar deixando mensaxes máis imperecedoras para as situacións que os sucederían.



Raúl por Sergio

Toda grande aventura ten un protagonista e un antagonista que lle permiten ao autor contar unha historia. Logo existe unha mancha de personaxes que van complementando esa narración, que achegan datos, completan situacións, axudan o protagonista ou son amigos do antagonista. As historias, polo xeral teñen unha exposición do asunto, un nó no que a trama se complica e un desenlace que resolve a situación cara ao final. Este é o sistema máis antigo, tradicional, clásico e que mellores resultados achega cando a historia é simple e direccional. Pero hai milleiros de combinacións como amosa a historia universal da literatura.

Pero comecemos polo principio da miña reflexión. Polo protagonista desta aventura, que son eu, o libro. O lugar mara-



Táboas de ancla
con caracteres
cuneiformes silábicos.

animais, escasamente utilizados. O rolo de papiro foi a fórmula máis usada durante tres milenios ata a aparición do códice na cultura clásica. Cara ao segundo milenio antes da nosa era, os cretenses e fenicios xa empregaban o papiro polo Mediterráneo o que fai posible que chegase a Grecia cara ao século VII a. C.

O triunfo do cristianismo no mundo romano desenvolveu un novo sistema de escritura e de cultura relixiosa máis impositiva e exclusivista que as dos pobos antigos, producindo o peche de todos os templos exipcios ao final do Imperio romano. Esta foi unha das principais razóns polas que a escrita exipcia se esqueceu ata chegar o momento de non existir ninguén capaz de ler un xeroglífico. Coa chegada do Islam e o dominio sobre Exipto, os estudosos musulmáns tampouco prestaron moito interese pola escrita xeroglífica, nin os europeos se empregaron a fondo ata o descubrimento da Pedra de Rosetta polos franceses.

- A Pedra de Rosetta é un fragmento escrito sobre unha estela de basalto negro, datado no ano 196 a. C. que foi descuberto polas tropas de Napoleón preto da cidade de Rosetta, nas proximidades de Alexandría, no ano 1799. Consérvase no Museo Británico.

O mesmo texto, escrito en caracteres xeroglíficos, demóticos e gregos permitiu en 1822 a Jean-François Champollion atopar a clave para descifrar os xeroglíficos exipcios, logo de quince anos de traballo.

Natalia por Lucía

Fardel de cisalado, Luis Seoane
Pranto matricial, Valentín Paz-Andrade
Terra Cha, Manuel María
Contos do Miño, Eliseo Alonso
Merlín e familia, Álvaro Cunqueiro
Un home que se parecía a Orestes, Álvaro Cunqueiro
Terra brava, Ánxel Fole
Os eidos, Uxío Novoneyra
Memorias de Tains, Gonzalo R. Mourullo
Sombra do aire na herba, Luis Pimentel
Nimbos, Xosé María Díaz Castro
Memorias dun neno labrego, Xosé Neira Vilas
Longa noite de pedra, Celso Emilio Ferreiro
Viaxe ao país dos ananos, Celso Emilio Ferreiro
Quintana viva, Xosé Filgueira Valverde
Filosofía da saudade, Ramón Piñeiro
Galicia, Francisco Fernández del Riego
Memorias dunha terra, Xosé María Castroviejo
Paseata arredor da morte, Domingo García Sabell
Cante segredo, Xosé María Álvarez Blázquez
Os oficios, Xaquín Lourenzo Fernández
Arredores, Antón Tovar
O segredo do humor, Celestino Fernández de la Vega
A esmarga, Eduardo Blanco Amor
Adiós María, Xohana Torres
Profecía do mar, Bernardino Graña
Entre o si e o non, X.L. Franco Grande
Ao pé de cada hora, Salvador García Bodaño
Prisciliano, Daniel Cortezón
Zardim, Euloxio R. Ruibal
Museos, Arcadio López Casanova
Ferventino plural, Helena Villar Janeiro
Para unha filosofía da saudade, Andrés Torres Queiruga
Seraogua, Alfonso Pexegueiro
Dos anxos e dos mortos, Anxo Rei Ballesteros
Homes de ningures, Xoán Ignacio Taibo
O velorio, Francisco Taxe Prego

da cidade, aínda que el morreu no cárcere, ou ben caído de débedas ou por un asunto relacionado coa Inquisición polo feito de imprimir un libro herético, ou polas dúas circunstancias. O seu fillo, Luís Paz, impresor, libreiro, vendedor de viños e panos, mantivo o establecemento durante máis de corenta anos e del chegaronnos impresos moi estimables. Do seu prelo saíu a primeira edición das *Constituciones de la Universidad* de 1602. Xa no s. XVII veremos que a produción de libros en Galicia é escasa, por non dicir miserenta, e carente de calidade. Trátanse de traballos dunha industria elemental, de libros que non van cos avances do resto de Europa. No 1672 Antonio Fraiz Piñeiro establece en Compostela a imprenta máis lonxeva, que permanece nas mans dos seus descendentes ata 1837, un total de 165 anos. Deste taller saíu o libro *Excelencias, antigüedades y nobleza de la Arquitectura*, de Domingo de Andrade, no 1695.

Segundo os datos fixados por Antonio Odriozola, Xosé Ramón Barreiro, Ofelia Rey e Pegerto Saavedra, vemos que o s. XVIII e parte do XIX está protagonizado pola imprenta de Antonio Aldeamunde e Bentura Aguaio, o primeiro era sogro do segundo e formouse nos talleres de Fraiz Piñeiro. Desta imprenta saen orixinais de importantes autores da Ilustración galega como Herbella de Puga, *El derecho práctico*; Somoza de Monsorriu, *Estorbos i Remedios de la riqueza de Galicia*; Pedro de Bedoya, *Historia Universal de las fuentes minerales de España*, tomo primeiro. Da imprenta desta familia sairá tamén o primeiro xornal galego, o *Catón Compostelano*, fundado por Francisco del Valle Inclán o primeiro de maio do 1800.

Por estes séculos a produción de parentes meus en Galicia é cativa polo xeral. Libros pequenos, de escasa calidade e,



libro. Naturalmente non podemos considerar como texto só a sucesión de palabras escritas do xeito que o entendemos hoxe; textos foron tamén as imaxes que como conxuntos pictográficos contaban historias ou reflectían datos, os máis populares pola súa plasticidade e misterio son os xeroglíficos exipcios, porén existiron outros moitos. Escritura, a dos xeroglíficos, que utilizou a civilización dos faraóns sen saír das fronteiras do seu imperio, malia a grande importancia cultural que tivo este pobo na historia antiga.

A escritura é o motivo da existencia da gran saga do libro. Pero a escritura é a súa vez o soporte de transmisión do pensamento humano. É probable que os individuos, así que aprenderon a falar, inventasen signos para comunicar entre si cuestións elementais, que co tempo se foron complicando do mesmo xeito que se complicaban as relacións persoais ou entre comunidades. É probable que a necesidade de transmitir de xeración en xeración coñecementos e experiencias desen lugar a épicas e parábolas educativas que as fixasen, por temor á súa perda, dalgún xeito os máis hábiles ou mellor dotados intelctualmente. Semella un paso natural, despois da toma de conciencia do valor do idioma, a codificación do mesmo e a invención da escritura para non esquecer as cousas.

A escritura ten tres virtudes esenciais. Trátase dun sistema de signos lingüísticos que se utiliza para fixar, conservar e transmitir nocións do pensamento que, sen ela, serían puramente abstractos dentro do

ideográfica que consiste en debuxar os obxectos (pictogramas) que logo deben de explicarse con palabras.

• O IDEOGRAMA é unha imaxe convencional ou un símbolo que na escritura dalgúns linguas equivale a unha palabra ou a unha frase sen representar cada unha das súas sílabas ou moitos e son comprendidos sen máis explicacións.

Antía por Uxia

coa utilización de caracteres móbiles de arxila e madeira. Disto falaremos máis adiante.

O caso é que os exipcios deixaron un gran legado de volumes escritos en papiro. Os *volumina*, feitos nesta materia, substituíron as táboas primitivas de madeira ou marfil en todas as culturas mediterráneas e atribúese o invento do papiro ao pobo do Nilo pola grande abundancia que existía da planta orixinaria na zona. O papiro está considerado o antecesor do papel pola súa semellanza externa, cor, flexibilidade e capacidade de absorción da tinta que permanece indeleble na superficie durante séculos.

O talo da planta de papiro cortábase en tiras moi finas, superpúñanse en capas encoladas e secadas ao sol, logo eran pulidas e pegadas en longas bandas coas que se formaban os rolos sobre os que os escribas facían o seu labor primitivamente cun xunco e logo cunha cana moi afiada, chamada polos latinos *calamus* que, xunto coa regra para trazar as liñas mestras, se converteu no símbolo da escrita antiga, do mesmo xeito que nos tempos medievais o foi a pluma de ave, nos modernos a estilográfica e na actualidade o ordenador.

Respecto das táboas anteriores, a utilización do papiro representou un grande avance na vida dos meus predecesores por razóns evidentes. A facilidade de facer un rolo ao redor dun cilindro de madeira permitía dúas cousas. Unha, a posibilidade de escribir textos máis extensos ocupando

• Papiro é a planta da que se obtiña o material para escribir que tomou o seu mesmo nome. Pertence á familia das ciperáceas, crece en zonas pantanosas do Nilo e era moi abundante na Antigüidade. Os exipcios utilizábano tamén para usos domésticos, facer lana, fabricar velas de barcos e recidos.



poesía, de autores como Castelao, Neira Vilas, Alonso Montero e Manuel María. A edición do poemario *Cómaros verdes*, no 1947, de Aquilino Iglesia Alvariño pasa por ser o primeiro libro en galego aparecido na ditadura. No 1948 en Pontevedra hai un tímido intento de manter o facho prendido e nace a colección *Benito Soto*, tomando prestado o nome do lendario pirata, na que figuran Celso Emilio Ferreiro como director literario, Sabino Torres como director editorial, Rafael Alonso e Emilio Negreira como ilustradores e ao final Manuel Cuñas Novás como director de edicións. A aventura mantense sen unha periodicidade marcada e os libros saían do prelo en función do tempo e os recursos dos que dispuñan os seus socios. Pero aí publican, ademais dos responsables da aventura, autores como Álvaro Cunqueiro, *Dona de corpo delgado*; Tomas Barros, *Gárgolas*; Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez, *Poemas de ti e de min*; o dramaturgo José Ruibal Arguibay, *El dios de los precipicios*; Carballo Calero, *Anxo de terra*; Luís Pimentel, *Triscos*; Eliseo Alonso, *Cantos de cotovia*; Manuel Fabeiro, *Follas de un abre senlento*, entre outros.

Vívense anos de censura ideolóxica e lingüística. Así, mentres o libro en castelán ten proteccións e axudas do Ministerio de Cultura, de Educacións e de Propaganda, o libro nas linguas das distintas comunidades, son produto de aventuras case suicidas, de escaso resultado económico e de grandes dificultades. Porén, non pensemos que publicar en castelán era un paseo de rosas. Notz, a censura e de novo a Igrexa exercen unha vixilancia que só nos anos sesenta comezará a levantar a man. Doutra banda, as dificultades para atopar papel e a escasa demanda dos lectores en Galicia non fai que xurdan editoriais para publicar en castelán.

impresa en papel escrita en galego, que abrangue nos seus tomos toda a cultura galega en pé de igualdade coa cultura universal. A redacción estivo integrada por máis de medio centenar de profesionais de todas as materias e uns trescentos colaboradores e asesores. Logo de consolidado o proxecto, no referente a deseño, contidos, extensión e fixadas as voces para redactar, avanzado o tomo dez, cambiou a dirección e fíxose cargo dela o propio editor.

No presente a edición en Galicia está normalizada e camiña polos mesmos vieiros do resto do mundo. Con alegrías e dificultades. Con tempos bos e tempos de treboada grande veñan os acontecementos económicos, políticos, culturais... O que sucede no mundo sucede en Galicia en relación coa miña vida. As principais preocupacións dos editores están centradas na produción dos libros de texto, na adaptación ao comercio do libro electrónico e, naturalmente, en seguir sendo un soporte útil para a cultura galega.

E, dalgún xeito, aquí remata esta aventura, a historia da miña saga, a gran familia do Libro, así con maiúsculas, á que nunca lle poñeremos a palabra FIN como colofón porque a aventura continúa...

Aixa por Lucía

Eu sei, pero sabemos que en Grecia había venda de libros. E sabemos que no Oriente Medio, pola mesma época, existe xa con forza a primeira *relixión do libro*, considerado este como instrumento sagrado e de veneración, isto é, a cultura xudáica, que aínda na actualidade mantén o rolo, a *Sefer Torah*, como libro de uso nas sinagogas.

En Grecia os meus devanceiros, aqueles rolos de papiros, no tardaron en ser obxectos considerados de alto nivel e prestixio para a nobreza. E tamén o soporte natural para o desenvolvemento da literatura nacente. Os autores dos textos acadan un perfil intelectual propio. Nacen os escritores como tales, os filósofos son ben considerados, os dramaturgos exercen un oficio que lles achega fama e diñeiro. Os escribas perden o seu poder de caste privilexiada. Coa popularización da escritura e da lectura, á lixeireza para ser transportados, á facilidade para ser arquivados e á posibilidade de conter textos extensos hai que engadir agora tres novas necesidades. Unha, a posibilidade de buscar unha nova forma de libro para non ter que utilizar ambas as dúas mans no momento da lectura. Dúas, que ese formato permita atopar pasaxes con facilidade, cousa case imposible no rolo. E tres, sen perder lixeireza, conseguir un material menos fráxil que o papiro.

Aínda que pareza raro, os lectores de rolos de papiro necesitaban ademais unha certa destreza para manexalos. Había que ter moito coidado á hora de ir lendo para que non rachasen, pasando a parte enrodelada dunha man á outra e logo para volvelos enrodelar antes de gardar. Un pouco como acontece coas cintas de vídeo modernas ou as cintas cinematográficas que, unha vez vista a película, é necesario rebobinar para reiniciar a visión. Así acontecía cos rolos e


Sergio por Raúl

Ola!

Eu son o libro. Verás, quero dicir que esta voz que escoitas escrita na túa cabeza é a miña e que eu, polo tanto, son a voz dos libros, a propia dun exemplar moderno como o que tes nas mans e a dos meus devanceiros, xa que no decurso da miña metamorfose tamén falarei por eles nas páxinas que seguen. E espero seguir a ser a voz dos libros do futuro, porque a miña estirpe cun soporte ou con outro non desaparecerá mentres na terra exista un ser capaz de ler. Un ser coma ti.

Así que continúa a ler porque vou contar a grande aventura do libro contada por min mesmo.

O Libro



estas referencia hai, mesmo repeticións que obedecen ao paralelismo das mesmas. O criterio do lector debe actuar á hora de seleccionar para si. Poderían facerse outras mil seleccións diferentes pero esta que propoñemos ben pode ser unha base cunha cantidade adecuada e unha calidade contrastada para pór os alicerces dunha boa biblioteca da literatura galega.

Lucía por Natalia

Portada da
reproducción facsimile
da primeira edición do
libro *Aires da Miña
Terra*, de Manuel
Curros Enríquez,
editado en Ourense
en 1880.



e da proliferación de pequenas bibliotecas privadas nas casas dos cregos, da burguesía e membros da Universidade. Algúns comerciantes ilustrados teñen tímidas coleccións que non pasan de cincuenta libros relacionados con materias das súas profesións, libros piadosos, biografías e, en poucos casos, edicións de textos clásicos. Os conventos, a USC e a catedral son os principais propietarios das grandes bibliotecas, xa organizadas e clasificadas. O mosteiro de San Martiño Pinarío ao comezo do s. XIX garda entre os seus muros preto de 14.000 volumes. Esta é unha das primeiras bibliotecas que se abren ao público, precedendo á da Universidade. Este é o século da eclosión dos xornais e do rexurdimento da lingua galega protagonizado pola poesía e por tres nomes do cumio literario galego: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

O 17 de maio de 1863, da imprenta de Juan Compañel, situada na rúa Real de Vigo, sae o libro *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, que marca un acontecemento histórico na cultura galega. A veneración por este devanceiro meu fai que un século despois esa data sexa declarada Día das Letras Galegas e os cantares de Rosalía sexan, sen temor a erro, os versos máis lidos, recitados, cantados e aprendidos da historia de Galicia. Tanto Curros como Pondal publican ou reeditan as súas obras na *Biblioteca Galega* de Martínez de Salazar, asociado co impresor Juan Fernández Latorre fundador de *La Voz*

máis tarde, cambiará o curso da aventura dos meus contemporáneos. Pero este proceso non estivo libre de riscos. Aqueles holandeses e os que os seguiron continuaban a utilizar tecidos nas mesturas das materias primas de fabricación. Cando nace a imprenta os libros baixan os prezos, crece a demanda e a impresión vai ser a revolución industrial do s. XV, ata o extremo de, en séculos posteriores, ocasionar unha grande escaseza de trapos que fai que as autoridades e fabricantes teñan que buscar novos recursos e materiais. Pero non será ata mediados do s. XIX cando se invente unha nova máquina que transforma a pasta de madeira en papel, dando paso á fabricación actual por procesos químicos e a unha industrialización moi sofisticada e perfecta.

Antes da invención do papel xa os chineses reproducían os textos, ademais dos manuscritos, coa axuda de selos gravados en relevo sobre arxila e madeira. Foi no s. XI cando o ferreiro Pi Cheng inventou os caracteres móbiles en metal, pero non tivo moito éxito por dúas razóns. Unha, o alfabeto chinés é amplísimo e pode chegar a ter corenta mil caracteres segundo a lingua empregada, o que encarece e entorpece a industria dun xeito desproporcionado. E dúas, porque as tintas non eran aínda adecuadas para o proceso de estampación e o resultado ofrecía escasa calidade. Porén esta técnica abre a porta á existencia do libro xilográfico e ao nacemento da imprenta como sistema industrial para a edición de libros.

Patrick por Laura

un rolo de papiro e a muller sostén coa man esquerda unha láboa de cera ou d'plúico e na dereita un estilete. Pompeia, s. I a. C.



deterioración e é máis doado ao ser plano e ter menos volume. Ademais engade a virtude, tan botada de menos desde as orixes, da posibilidade de atopar pasaxes rapidamente e de marcar as páxinas con cintas ou regras, os primeiros marcadores da miña historia. Por suposto, deseguido haberá quen vai anotás nas marxes ou faga apuntamentos que, nalguns casos, para os investigadores do futuro van ser tan interesantes ou máis que os propios textos do libro.

Aínda así, toda innovación ten detractores. Nos comezos o códice utilizouse principalmente nas escolas, academias e liceos, xa que os autores e editores o consideraban vulgar. Este sentimento contra as innovacións vai seguir o roncel da miña vida polos séculos dos séculos. Cada vez que se



Lucía por Aixa

rial barato e abundante, que non cobizaban os ricos ignorantes nin os ladróns de tesouros, moitas bibliotecas daquel tempo sobreviviron aos desastres da historia.

En Nínive atopouse unha biblioteca dos reis asirios que contiña vinte e dous mil táboas finas do século VII a. C. Aquela instalación dispuña de talleres de copistas e espazos adecuados para a conservación, clasificación e utilización para consultas, feito que fai supoñer que existía unha organización ao redor do libro.

Pero, como digo, as civilizacións mesopotámicas foron ricas e poderosas e amosaron o seu apreio polo libro ao redactar os documentos valiosos e de suma importancia en metais preciosos como ouro, resistentes pero maleables como o chumbo e, naturalmente, en pedra para que os contemplase o pobo aínda que non acertase a comprender o que continúan aqueles signos. Moitos textos foron gravados en monumentos megalíticos para conmemorar algún acontecemento, loar os soberanos ou dar fe de normas xurídicas que debían permanecer no tempo. O exemplo máis notable deste costume é o *Código de Hammurabi*.

Xa apuntei anteriormente que os escribas mesopotámicos tamén deberon empregar outros materiais máis percedoiros e de

• O famoso *Código de Hammurabi* é un texto xurídico publicado polo rei do mesmo nome, sexto monarca da primeira dinastía amorita de Babilonia, que viviu entre 1728 e 1686 a. C. Constitúe o monumento xurídico máis importante da lexislación babilónica. Está escrito en lingua acadia, contén 282 artigos, distribuídos en 34 columnas horizontais. Gravado nunha estela de diorita, foi descuberto en Susa no 1901 por unha expedición francesa.

• 3.000 anos tivo de vixencia a escritura cuneiforme. A última inscrición rexistrada data do ano 75 da nosa era, e consistía en un texto de lectura. Na primeira metade do século XIX, sir Henry Rawlinson descubriu unha inscrición en tres linguas nun acariño da península (Iran) e conseguiu describi-la en persa, babilonio, escrito ou cuneiforme.

Para falar do inicio da miña historia documentada temos que dar un paseo pola antiga Mesopotamia, en árabe *'Ard al-Jazira*, rexión situada no oeste de Asia entre os ríos Tigris e Eufrates, onde conta a *Biblia* que estivo o paraíso terreal, na actualidade dividida entre Siria e Iraq. No inicio dos tempos históricos esta terra estaba habitada polos sumerios e acadios. Hai nomes de personaxes e cidades, que todos temos no imaxinario colectivo, que proceden das culturas que neste territorio se desenvolveron: Babilonia, Sumeria, Samarra, Acad, Ur,...

A gran cultura desenvolvida nesta parte do mundo deu lugar, no milenio IV a. C., ao meu nacemento máis remoto e ás primeiras bibliotecas das que temos noticias. Foron os sumerios os que tiveron a idea de redactar e recompilar os primeiros libros de xeito organizado como referentes da memoria. De aí que se afirme en todas as enciclopedias que con toda probabilidade o meu primeiro devanceiro da historia foi o mesopotámico, pero ninguén está libre de que calquera día un arqueólogo atope outros restos meus ou testemuños que sitúen o comezo da existencia da miña saga en milenios anteriores.

O certo é que o libro de Mesopotamia tivo unha vixencia duns tres mil anos como vehículo de comunicación e trans-



Laura por Patrick


a vella Europa cae nas mans dos pobos chamados bárbaros, denominación que daquela só significaba estranxeiros pero que pasou ás linguas romances como sinónimo de incivilizados. Non o eran tanto e as novas investigacións históricas están a confirmar que era xente que sabía moi ben o que facía, tiña as súas culturas máis ou menos refinadas, os seus costumes e leis, tradicións e linguas, etc. Iso si, no tocante aos libros deseguido colleron o facho de Roma. Aínda que non o pareza actuaban con bastante pragmatismo pero pouca vaidade intelectual.

A Idade Media foi á súa vez dividida en dous períodos polos historiadores modernos. A Alta Idade Media, que vai do s. V ao XII, e a Baixa Idade Media, que vai do s. XII ao XV, fronteira das grandes viaxes e dos descubrimentos, especialmente os de América. Este calendario serve para non perdernos á hora de falar dos acontecementos históricos e dun xeito de vivir a vida, concretamente en Europa, principal territorio da nosa civilización, aínda que o mundo coñecido era cada vez máis extenso ou simplemente empezaba a estar mellor estudado e divulgado entre nós. Moitos pensamos que na Antigüidade clásica xa existían suficientes relacións comerciais e culturais con China, India, Xapón e mesmo con determinados territorios de África, para falar dun coñecemento máis amplo do que se di. Senón que llelo pregunten a Alexandre Magno ou a Pitágoras, que o percorreron de confín a confín.

O caso é que co cambio, unha das grandes vítimas van ser os meus devanceiros. Nun primeiro momento prodúcese un retroceso cultural extraordinario coa imposición de novos costumes, as divisións territoriais e, especialmente,

Imos dar agora un paseo por Oriente. Tanto chineses como indios crearon culturas moi florecentes e interesantes na Antigüidade. Por exemplo, a relixión budista produciu importantes obras que influíron nas relixións e coñecementos dos gregos, latinos, xudeus e europeos e os antepasados dos libros orientais correron unha vida parella á de Oriente Medio, Exipto, Grecia e Roma. Hai sospeitas de que intelectuais tan prestixiosos como Pitágoras adquiriron importantes fundamentos para as súas teorías na India durante estadias de estudo prolongadas. Nalgúns casos as técnicas de fabricación dos volumes foron por diante na China imperial e son abundantes os testemuños de viaxeiros que volveron á Europa medieval con noticias fascinantes daquelas culturas refinadas e das bibliotecas que conservaban en palacios e mosteiros.

Está demostrado que o libro xa existía na China dous mil anos antes do nacemento de Cristo. Quere dicir isto que os volumes chineses ían por diante ou en paralelo co que acontecía en Mesopotamia e Exipto. Os chineses fabricaban libros con materiais tan diversos como as escamas dos peixes, osos de animais, madeira ou seda. Este último soporte era moi prezado e abundante polo avanzado das técnicas de fabricación dun tecido no que o pobo chinés era experto. Por



Pablo por Laura

Editar hoxe, no século XXI, un libro como este da miña aventura é un proceso industrial case rutineiro no que intervéñen un axustado cálculo económico. Editar un texto amplo na Roma imperial de século I a. C. requiría tempo e paciencia, no que o investimento económico non podía ser considerado en función dun posible balance de resultados. As primeiras editoriais/librerías son en realidade unha sistematización do proceso do copiado, que xa se facía desde os tempos de Mesopotamia e Alexandría, daquela para encher as bibliotecas do palacio real ou do templo principal, para intercambiar agasallos entre monarcas ou príncipes. Naquel tempo de Roma convértese en establecementos abertos á posibilidade de que calquera cidadán ou representante dunha institución aparecese pola porta para facer unha encargada dun determinado volume, xa existente ou por traducir doutras linguas. Os copistas individuais, herdeiros directos dos escribas, pasan a ser anónimos asalariados do taller, a ser simples artesáns da escrita. Así vemos como Roma non ten inconveniente en instruír escravos habilidosos e intelixentes na lectura e na escritura para empregalos nos talleres dos editores. O paso seguinte será a especialización dentro do propio taller, nacerán os copistas de textos corridos, os ilu-

- Hai dous personaxes romanos aos que o libro lles garda agradecemento eterno.

Caio Asinio Polio, nado no 76 a. C. e morto o 5 d. C., estalista e escritor romano, compañeiro de César nas campañas contra Sexto Pompeio en Hispania e gobernador da Galia Transpadana por mandato de Marco Antonio. Foi distinguido co título de cónsul. Benfeitor de Virxilio, este dedicoulle a súa *Égloga IV*. Canso da vida pública retirouse a Tusculum logo de fundar a primeira biblioteca pública de Roma. Escribiu poemas, traxedias e unha *Historia da guerra civil entre César e Pompeio*.

Tito Pompeio Ático, nado en Roma no 109 a. C. e morto no 32 a. C. Foi un escritor coñecido pola súa amizade con Cicerón, que lle escribiu 396 cartas. Viviu en Grecia, especialmente en Atenas, e era un perfecto coñecedor da lingua helena. Está considerado o primeiro editor da historia. Os seus escritos perderonse, aínda que hai memoria dos títulos dalgúns grazas ás cartas escritas a Cicerón que aínda se conservan.

ban quen aúa unha escritura amizada. banse entre si ofrecendo a imaxe de estar xilografadas polas dúas. A *Biblia Pauperum* (a *Biblia dos pobres*) está considerado o primeiro volume europeo producido deste xeito, pero da mesma época son tamén un *Apocalipse* e o *Ars moriendi*. Trátase de libros de gran formato, con profusión de imaxes, xa que van dirixidos a lectores pouco cultos, e de laboriosa produción no que ás veces aínda interveñen os artistas amanuenses para colorear as ilustracións. Porén esta técnica ábrella as portas á investigación para buscar, como os chineses, métodos máis prácticos á hora de confeccionar os moldes, de xeito que as letras e, mesmo, as ilustracións puidesen ser reutilizadas en distintos libros. Aí os modestos inventores que traballan nos talleres de impresión van dar o gran salto ideando os caracteres móbiles de madeira primeiro e logo de metal. Son os coñecidos tipos ou letras soltas. O alfabeto occidental, ao contrario do que acontecía en Oriente, si que se presta para producir tipos independentes en cantidade suficiente para componse as páxinas sen dificultade e satisfacer a demanda de libros existentes con relativa facilidade. Os tipos organizábanse en liñas compondo os textos sobre un marco metálico, unha vez dada a tinta prensábase sobre eles as follas de papel, tantas veces como exemplares se ían producir.

Cara ao ano 1400 nace en Maguncia, Alemaña, Johannes Gensfleisch Gutenberg, un ourive cuxa primeira relación co mundo dos impresores non está suficientemente investigada. Tampouco sabemos se tiña coñecemento da existencia dos caracteres móbiles inventados polos chineses. Parece ser que si posto que, desde o s. XIII, os comerciantes e relixiosos, que ían e viñan de Oriente, traían e levaban ideas e produtos cos que comerciaban. O que está máis ou menos aceptado é que grazas ás técnicas xilográficas os talleres de impresores foron un negocio artesanal en expansión por toda Europa.

varia en ouro, prata e pedras preciosas, dous e repuxados... Dótanse de peches de metal a xeito de trabas, botóns e mesmo pechaduras con cadeados.

A maior parte dos contidos, como xa dixen, eran de temática relixiosa. A sociedade do saber convértese en puramente teocrática e as copias máis abondosas correspóndense coa *Biblia*, os *Evanxeos*, os misais, devocionarios, etc., para o servizo relixioso público ou privado, para manter os rituais nos templos e para a educación e formación dos sacerdotes, monxes e monxas.

Terán que pasar uns trescentos anos, desde a desaparición do Imperio romano, para que a crise económica e social amorteza e as novas formas de organización impulsen a dinamización da vida e os novos costumes. Nese tempo, que moitos historiadores chamaron “escuro”, os meus devanceiros sobreviventes das catástrofes permanecen silenciosos nalgúñas bibliotecas, que convén lembrar pola súa importancia, como as dos mosteiros do monte Athos, xa nomeados, a de San Domingos de Silos, a de San Gall, a de San Martiño da Nogolla, a de San Cosme, a da abadía de Liébana, onde a cultura mozárabe deixou cara ao ano 776 un gran libro con tantas boas ilustracións, copiado profusamente e do que se conservan trinta e catro exemplares completos, os *Comentarios do Apocalipse de san Xoán*, atribuído ao monxe Beatus. En España, por pór exemplos próximos, destacaron tamén as bibliotecas episcopais de Zaragoza e Toledo e temos que lembrar como figura máxima da cultura visigoda a santo Isidoro de Sevilla, quen nas súas *Etimoloxías* tentou recoller de xeito enciclopédico todo o saber do seu tempo e da Antigüidade.

No século VIII unha gran figura política e militar, Carlomagno, inicia un rexurdimento e tenta recrear o Imperio

Aroa por Saray

nadas do espírito cristián. Funda escolas para nobres, a gran biblioteca de Aquisgrán e crea unha nova letra, a *carolina*, para unificar de xeito obrigatorio toda a documentación oficial e as novas copias e producións de libros. Unha letra elegante e redonda que mantivo a súa hexemonía máis de douscentos anos ata derivar na letra gótica, que rematou por ser a imaxe tipográfica máis característica da Idade Media.

Con Carlomagno nace o soño de recuperar a memoria e os valores sociais, económicos, intelectuais... do Imperio romano, transformado no mito universal de que todo tempo pasado sempre foi mellor. Pero ser a finais do s. XI cando a economía comence a estabilizarse e a crise deixe paso a un tempo de bonanza, a unha agricultura organizada e próspera, a unha produción de excedentes que activen o comercio europeo e internacional, da organización artesanal e de paso ao nacemento dunha nova clase social, a burguesía. Esta clase, proveniente dos labregos, artesáns e comerciantes enriquecidos, xorde por vez primeira en Compostela, probablemente pola influencia do Camiño Francés, das peregrinacións, dos cambiadores de moeda, do comercio artesanal e da nova organización social que se establece na cidade, que non tardará en transmitirse a toda Europa.

Os burgueses plantan cara ao poder económico da Igrexa e ao político e militar dos nobres ao establecer as súas propias regras de organización social: van sendo primeiros en demandar educación e cultura para os seus fillos, herdeiros e basearán no coñecemento e na ilustración a súa supervivencia como clase. Moitos burgueses non tardarán en ser ascendidos a nobres polos reis para gañar o seu apoio económico e outros terán importantes cargos eclesiásticos ata entón reservados a



da e a conservación das culturas desaparecidas, senón que se utilizan para tratar de entender e axustar as novas teorías dogmáticas apoiados no saber filosófico e relixioso antigo. Como dixen, moitas obras, por ser consideradas contrarias ás crenzas do cristianismo, foron condenadas ao ostracismo, simplemente destruídas ou, na maior parte dos casos, fronte á escaseza de material os pergameos foron raspados e borrados para ser usados de novo. Unha práctica histórica de reciclaxe pernicioso. Hai excepcións, como é o caso do nomeado Casiodoro en Calabria ou Constantino en Bizancio, que recuperaron moitas obras profanas para a súa custodia e conservación co verdadeiro obxectivo de crear bibliotecas que servisen de testemuño das culturas desaparecidas e preservasen os avances e coñecementos do pasado.

Para non deixar ningunha desgraza no camiño, a incomunicación creada polas novas fronteiras, a desconexión entre os centros culturais, que mantiñan aceso o facho da cultura, e a desaparición do criterio de unidade do Imperio deu como resul-

to un recuncho sen moitas comodidades no que sentados escribían sobre as propias pernas, pero co tempo idearon o *facistol*, como soporte dos orixinais, e construíron pupitres para a escritura, convertendo o lugar nunha das estancias máis saudables da construción, xa que tiña que estar ben disposta para recibir luz natural e boas condicións climáticas.

A copia dun libro tiña diferentes fases. Preparación do pergameo en forma de cadernos, marcado da caixa de escritura e dos debuxos, nova escritura ou copia propiamente dita, correccións dos textos, realización das ilustracións e iluminación das letras capitais, cosido dos cadernos entre si e, finalmente, a encadernación. Deste xeito a elaboración dun códice era un verdadeiro traballo colectivo de diferentes artesáns e especialistas, denominados *scriptores*. Dentro desta organización, chamémoslle editora de novo cuño, había un personaxe esencial, o *armorius*, monxe encargado de dirixir o traballo que, ademais, facía ás veces de bibliotecario e gardián do saber. Cando a organización era ampla, a biblioteca estaba ao coidado do *librarianum*.

Grazas a este labor, as obras circulaban dun mosteiro a outro e establecíanse circuitos de lectura e discusión das materias tratadas nos textos.

Porén, non é certo que todos os *scriptoria* estivesen nas mans dos mosteiros. Modernas investigacións confirman que existiron copistas laicos e, en moitos casos, foron mulleres as copistas. Polo tanto, é probable, que a recuperación do comercio do libro volvese aparecer no momento no que crise económica, cara ao s. X, desaparecese.

Saray por Aroa

- A letra gótica ou escritura gótica, no s. XII, substituíu as escrituras románicas. É máis clara e lexible que as anteriores, separa dun xeito máis racional as palabras e utiliza abreviaturas e signos de puntuación que axilizan a lectura. En España desprazou a coñecida como *libraria*. Había tres distincións de letra gótica: *de forma*, *de conxunto* e *bastardilla*. Serviu aos impresores alemáns para fabricar caracteres separados e sobreviviu de xeito xeneralizado ata o s. XV, no que foi desprazada pola escritura vertical en Italia aínda que en Inglaterra e España aguantou un século máis. Os alemáns utilizárona dun modo sistemático ata 1941, ano no que se substituíu oficialmente mediante un decreto do Goberno.

Os investigadores e estudantes de historia deplares de escasa difusión catalogados nas bibliotecas públicas e privadas. Os estudantes, polo xeral, e os interesados nalgunha obra en particular, ao non poder mercala, recorren ao alugueiro temporal das máis difundidas ou de uso para o estudo. A propagación do comercio dos meus devanceiros, esa trasfega de pasar de mans en mans, polo retroceso do analfabetismo e a implantación dunha maior calidade de vida, crea a necesi-

dade de fabricar formatos de fácil manexo, de prestar maior atención aos contidos literarios e de restar importancia ás ilustracións, custosas e de lenta realización. Estas quedan reducidas á produción de obras de prestixio e, mesmo, xorde ou van consolidarse estilos e escolas de ilustradores moi ben definidas como a visigótica, a mozárabe, a merovingia, a irlandesa... case sempre vinculadas aos distintos territorios autóctonos, ás novas distribucións políticas e administrativas do mundo europeo e mediterráneo.

A letra gótica, que remata por impoñerse dun xeito case universal en Europa, e a introdución do papel na península Ibérica por parte dos árabes, que instalan a primeira fábrica en Xàtiva cara ao ano 1100, dan un pulo sen precedentes á fabricación de libros. Aparecen as figuras do bibliólogo e máis tarde a do bibliógrafo, personaxes cultos e versados no libro que podían estar ao servizo de bibliotecas públicas ou crear a pro-

